

Mediante escrito do 13 de decembro de 2005 o Decano da Facultade Farmacia solicita aclaración sobre a resolución reitoral de data 14 de xaneiro de 2000, referente as Prácticas que realicen os alumnos da Titulación de Farmacia.

Na citada resolución no seu apartado único dise que: *As prácticas que realicen os alumnos da titulación de Farmacia o través do Consello Social deberán ser de características distintas as prácticas tuteladas polo que non se recoñecerán como créditos de libre elección as prácticas en empresas realizadas ó través do Consello Social en oficinas de Farmacia ou Servizos de Farmacia Hospitalaria.*

As Prácticas que se realicen ó través do Consello Social teñen que ser de características diferentes e a maiores das Prácticas Tuteladas esixidas polo plan de estudos de Farmacia, e de acordo co artigo 105.2 de Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procede realizar a seguinte corrección de erro, quedando a parte resolutoria da resolución do 14 de xaneiro de 2000 como segue:

**ÚNICO-***“As prácticas que realicen os alumnos da titulación de Farmacia ó través do Consello Social deberán ser de características distintas as prácticas tuteladas polo que só se recoñecerán como créditos de libre elección as prácticas en empresas realizadas ó través do Consello Social en Oficinas de Farmacia ou Servizos de Farmacia Hospitalaria”.*

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2006

*O Vicerreitor de Organización Académica*

*E Profesorado*

*P.D. de 11 de xullo de 2003 (DOG do 8 de agosto)*



*Cástor Méndez Paz*

Sr. Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, Sr. Secretario Xeral, Sr. Decano de Farmacia, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sr. Secretario do Consello Social, Sra. Xefa do Servizo da Asesoría Xurídica, \*Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sr. Xefe da UXA Sur, Sr. Director de OIU, Sr. Responsable dos Servizos Informáticos